

### COTAS ANUAIS de SOCIOS

SOCIO	ANUAL	2.018 mensual	Proxecto		Proposta COTA 2019		aumento 2019	
			anual	mensual	ANUAL	mensual	anual	mensual
Socio <b>MEDIO ANO</b> a partir do 01 Xullo	46,00 €	3,83 €	60,00 €	5,00 €	48,00 €	4,00 €	2,00 €	0,17 €
Socio <b>FAMILIAR 1</b> ou <b>ESTUDANTE 25</b>	23,00 €	1,92 €	30,00 €	2,50 €	24,00 €	2,00 €	1,00 €	0,08 €
Socio <b>FAMILIAR 2</b> ou mais	23,00 €	1,92 €	30,00 €	2,50 €	24,00 €	2,00 €	1,00 €	0,08 €
Socio <b>≤16 anos</b>	15,00 €	1,25 €	15,00 €	1,25 €	15,00 €	1,25 €	0,00 €	0,00 €
	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

CONCEPTO	x día	x hora	pagar días	Total
Organizador de actividade	40,00 €		1	40,00 €
Organiza actividade finde fora de Galicia	40,00 €		2 ½	100,00 €
Colaborador de actividade	20,00 €		1	20,00 €
Colaborador actividade finde fora de Galicia	20,00 €		2 ½	50,00 €
Monitor de CLUB ou ROCODROMO	40,00 €		1	40,00 €
DIRECTOR organizador actividade	40,00 €		1	40,00 €
TRAZADORES ori proba LOCAL	40,00 €		1	40,00 €
TÉCNICO Sp.Ident proba LOCAL	40,00 €		1	40,00 €
TÉCNICO Sp.Ident proba OFICIAL comp.	40,00 €		1 ½	60,00 €
TRAZADORES obm e raid proba OFICIAL comp.	40,00 €		2	80,00 €
TRAZADORES pe proba OFICIAL comp.	40,00 €		3	120,00 €
INSTRUCTOR Fed./TD Montaña ou Escalada	50,00 €	10,00 €	1	50,00 €
<b>Audiovisuais</b>				
Charla ou proxección	30,00 €			
Coñece o meu club	30,00 €			
Xornadas de Aventura na Montaña	150,00 €			

### Cobertura de GASTOS a Servizos Profesionais por DIRIXIR as ESCOLAS DEPORTIVAS

CONCEPTO	x hora	incluído I.V.E. e I.R.P.F.
Escola Deportiva de ESCALADA	16,00 €	
Escola Deportiva de ORIENTACION	16,00 €	

### GASTOS por DESPRAZAMENTO en COCHE PROPIO a ACTIVIDADES de CLUB

	x Quilómetro	mínimo	máximo	x Qm	dende	máximo		
Desprazamento en vehículo propio ata un máximo de 1.000 quilómetros	0,19 €	100 qm	19,00 €	500 qm	95,00 €	0,15 €	500 qm	2.000 qm

### AXUDAS para FORMACION de TECNICOS e DEPORTISTAS

Dotarase no orzamento anual unha cantidade **MAXIMA** de € para axudas a **INSCRICION** na formación dentro do eido federativo

#### REQUISITOS

- 1º - Para acceder á axuda, deberase **SER SOCIO** con mais de **1 ano de antigüidade** e **TER TRAMITADA** polo club a **LICENZA FEDERATIVA ANUAL** correspondente (Montaña ou Orientación).
- 2º - O socio que solicite axuda deberá inscribirse ó curso e pagalo, pedindo factura a nome do club para a súa posterior xustificación.
- 3º - A Xunta Directiva, clasificará as solicitudes dentro do apartado correspondente do baremo abaixo desglosado.
- 4º - O club no peche de contas do exercicio anual, no mes de novembro previo a celebración da Asemblea Xeral de Socios, repartira porcentualmente a cuantía máxima orzamentada entre as solicitudes presentadas no ano en curso.

#### BAREMO Axuda Máxima á inscrición

Cursos de <b>ESPECIAL INTERES</b> para o <b>CLUB</b>	100%
Necesarios para organizar actividades do club	
Cursos de Formación de <b>TÉCNICOS</b>	50%
Cursos de Formación de <b>DEPORTISTAS</b>	25%

## REQUISITOS para PAGO de INSCRIPCIÓNS e LICENZAS FEDERATIVAS a SOCIOS

**CALENDARIO OFICIAL de CLUB - será o referente para participar como organizador de actividades**

- 1º - Para acceder ó pago de gastos, deberase **SER SOCIO** e **TER TRAMITADA** polo club a **LICENZA FEDERATIVA ANUAL** correspondente (Montaña ou Orientación).
- 2º - Competición **INDIVIDUAL**, o club pagará as **INSCRIPCIÓNS** a tódalas **probos oficiais** das **LIGAS GALEGAS** (Montaña e Ori).
- 3º - Competición de **EQUIPO**, o club pagará as **INSCRIPCIÓNS** a tódalas **probos oficiais** das **LIGAS GALEGAS** (Montaña e Orientación), ata o máximo fixado anualmente pola Xunta Directiva, acorde as posibilidades económicas do ano en curso.
- 4º - Competicións de **LIGAS ESPAÑOLAS** (Montaña ou Orientación), o club pagará as **INSCRIPCIÓNS** as probas que considere **de INTERES** (deportivo ou económico) ata o máximo fixado anualmente pola Xunta Directiva, acorde as posibilidades económicas do ano en curso.
- 5º - O participante que, unha vez **INSCRITO** en proba oficial e pagada a súa inscrición por parte do club, **non se presente** na saída da proba, **DEBERÁ aboar a cota** da súa inscrición ó club.
- 6º - Previa **SOLICITUDE** por parte do socio, o club pagará a **LICENZA** anual da tempada actual (só unha licenza por socio e ano), a quen **cumpra os obxectivos** mínimos fixados no ano anterior, na especialidade deportiva para a que se solicita, **SEMPRE ACORDE AS POSIBILIDADES ECONOMICAS DO ANO EN CURSO**.
- 7º - Nas excepcionais ocasións que o club dote cunha partida económica para axudas ó **DESPLAZAMENTO** para participar nunha competición, como por exemplo o Cto de España de orientación a pé, ademais de cumprir os **requisitos** sinalados no **apartado 1º**, haberá que **SER SOCIO** con **MAIS de 1 ANO de ANTIGÜIDADE**.

**Para obter a licenza do ano 2019, hai que cumprir o seguintes OBXECTIVOS no ano 2018**

**Participar na ORGANIZACIÓN de actividades que organiza o CLUB, e que sumen os días mínimos fixados para cada licenza deportiva**

**Categorías de Formación (nen@s), participar no mínimo de probas puntuables estipuladas polo club**

Especialidade Deportiva		licenzas 2018	nº mínimo días 2018	Tipo	Prezos 2018	Custo 2018	Aporte licenza x día
<b>Categorías de Formación (menores)</b>	<b>MONT</b>	0		Mont. B	20,00 €	0,00 €	0 a 13 anos (inf)
<b>Categorías de Formación (menores)</b>	<b>MONT</b>	0		Mont. B	44,00 €	0,00 €	14 a 17 anos (xuv)
<b>Categorías de Formación (menores)</b>	<b>ORI</b>	0		Ori. C1	22,00 €	0,00 €	F-M12 a F-M20
<b>ORientación O-Pe / MTBO e Raid</b>	<b>ORI</b>	17	<b>4</b>	Ori. B1	60,00 €	1.020,00 €	15,00 €
<b>ANDAinas 50 qm - SENdeirismo</b>	<b>ANDA</b>	20	<b>5</b>	Mont. A	67,00 €	1.340,00 €	13,40 €
<b>MONTaña - ESCalada</b>	<b>MONT</b>	7	<b>6</b>	Mont. B	71,00 €	497,00 €	11,83 €
total		44				2.857,00 €	

**NORMAS para EQUIPOS de RAID que soliciten o pago da inscrición a proba de liga oficial**

- 1º - O **equipo** deberá levar en **primeiro lugar** o **nome** do club **AROMON**, e detrás tódolos apelidos que se queiran.
- 2º - **Pagaranse** as **inscricións** de maneira **individual**, a cada **SOCIO** do club con **LICENZA** anual de **RAID** tramitada. Reembolsándolle posteriormente a celebración da proba, a parte individual que lle corresponda pola inscrición a mesma do seu equipo.
- 3º - O **número de inscricións** que pagará o club, será **estipulado anualmente pola Xunta Directiva**, conforme o orzamento anual aprobado en Asemblea. Caso de haber mais participantes inscritos na proba, o custo das inscricións a maiores das que paga o club, pagaranse a partes iguais entre tódolos participantes do club inscritos en dita proba. Os participantes de equipos que se inscriban despois do prazo reducido de inscrición, pagarán o suplemento a maiores, o club só pagará o custo da inscrición sen recargo.
- 4º - Calquera outra circunstancia non recollida nestas normas, será solucionada polo vogal de raid, dacordo sempre ca Presidencia do club, e informada a Xunta Directiva.

## CRITERIOS a ter en conta para programar a organización de actividades

Actividades de **MONTAÑA**. Terán sempre 1 organizador e 1 colaborador.

**Modificación nas datas de Actividades do calendario.** A reorganización de datas dentro do calendario anual para celebración de actividades, serán organizadas polo vogal da especialidade deportiva, sempre tendo como criterios:

- 1- Non facer coincidir dúas actividades na mesma data.
- 2- Terán prioridade na recolocación de datas as actividades do calendario que foran suspendidas sobre as novas propostas.
- 3- Procurarase non por actividades da mesma especialidade moi seguidas no tempo (para evitar saturacións).

**Cálculo do custo da actividade de MONTAÑA:**

- Gasto do Monitor + gasto do colaborador (dividido por 10 participantes)
- Gasto de desprazamento por vehículo a 0,19 € por km os primeiros 500 km e a 0,15 € por km dos 501 ata máximo 2.000 km (dividido por 3 ocupantes)
- Outros gastos si os houberse (a cada participante o seu importe).